



Situación epidemiolóxica dos casos de mpox en Galicia (antiga varíola do mono)

1. Introducción

O 14 de agosto de 2024, o Director Xeral da Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou unha emerxencia de saúde pública de importancia internacional polo abrocho actual de mpox en múltiples países, sendo a rexión de África a máis afectada neste momento [1].

No informe publicado os días previos, a OMS considera que o risco fóra da República Democrática do Congo (RDC) é MODERADO, sendo os homes os máis afectados (96%) e transmitíndose principalmente esta enfermidade a través de contactos sexuais (clado IIb) entre homes que teñen sexo con homes. En RDC actualmente circulan os clados Ia (endémico, afectando principalmente a nenos e con múltiples modos de transmisión) e Ib (nova variante transmitida principalmente a través de contactos sexuais en adultos) [2].

A nivel Europeo, a recente avaliación de risco do ECDC considera que o risco xeral para a UE é BAIXO. Non obstante, cabe destacar:

- A posibilidade de casos importados do clado I é ALTA (persoas provenientes de zonas afectadas polo abrocho actual que tiveran elevado contacto coa poboación local), aínda que con expectativa dunha severidade leve.
- No caso de persoas con patoloxía de base ou prácticas de risco que non se infectaran previamente nin estivesen vacinados, o risco considerase MODERADO.
- Os datos do informe mostra que os países máis afectados son: RDC (16.789 casos – 511 mortes) cunha letalidade do 3% e cinco dos oito países veciños, é dicir, Burundi (61 confirmados, 165 sospeitosos), República Centroafricana (35 confirmados, 223 sospeitosos), Congo (19 confirmados, 150 sospeitosos), Ruanda (catro confirmados) e Uganda (dous confirmados). Tamén podería haber casos en Sudán do Sur (medios de comunicación) e hai casos en países non veciños de RDC coma Kenia (primeiro caso diagnosticado en Xullo 2024) [3].

A nivel estatal, o informe de situación epidemiolóxica tamén indica que os casos que desenvolveron a enfermidade durante este ano 2024 NON presentan cambios significativos con respecto ás características clínicas e epidemiolóxicas respecto dos notificados previamente [4].

Tendo en conta esta información, a continuación detallase a situación epidemiolóxica dos casos da mpox en Galicia, así como os puntos máis relevantes dos protocolos de vixilancia e vacinación.

2. Situación epidemiolóxica da mpox en Galicia

Dende o inicio do abrocho en abril de 2022 ata a data de actualización deste informe, en Galicia notificáronse un total de 130 casos: 122 casos no ano 2022, 2 casos no ano 2023 e 6 casos en 2024 (ver táboa 1).

Táboa 1. Casos de mpox declarados en Galicia por ano e provincia do caso.

PROVINCIA	ANO			Total
	2022	2023	2024	
A Coruña	62 (51%)	0	3 (50%)	65 (40%)
Lugo	7 (6%)	0	0	7 (5%)
Ourense	5 (4%)	1 (50%)	0	6 (5%)
Pontevedra	43 (35%)	1 (50%)	2 (33%)	46 (35%)
Outras	5 (4%)	0	1 (17%)	6 (5%)
Total	122	2	6	130

2.1. Características demográficas

As características demográficas dos casos epidemiolóxicos máis relevantes dos casos declarados en Galicia son as seguintes:

- O 99,2% dos casos son homes (Táboa 2).
- A mediana de idade foi de 36 anos, cun rango intercuartílico (RIC) de 30-44. O total de casos atopábanse entre 20 a 64 anos (Táboa 3).

- A maior porcentaxe de casos déronse nas provincias da Coruña e de Pontevedra, cun 40% e un 35% dos casos respectivamente (Táboa 1).

Táboa 2. Distribución por sexo e ano dos casos de mpox en Galicia.

SEXO	ANO			Total
	2022	2023	2024	
Home	121 (99%)	2 (100%)	6 (100%)	129 (99%)
Muller	1 (1%)	0	0	1 (1%)
Total	122	2	6	130

Táboa 3. Distribución por grupo de idade e ano dos casos de mpox en Galicia

IDADE	ANO			Total
	2022	2023	2024	
<20	0	0	0	0
20-29	20 (16%)	0	3 (50%)	23 (18%)
30-39	58 (48%)	1 (50%)	3 (50%)	62 (48%)
40-49	24 (20%)	1 (50%)	0	25 (19%)
50-59	16 (13%)	0	0	16 (12%)
60-69	4 (3%)	0	0	4 (3%)
>70	0	0	0	0
Total	122	2	6	130

2.2 Declaración e diagnóstico

- O primeiro caso de mpox en Galicia diagnosticouse en maio de 2022, tras iniciar síntomas na semana 19. O último caso, iniciou síntomas na semana 11 do 2024 (figura 1).
- A mediana de días entre a data de inicio de síntomas e a recollida dunha mostra biolóxica foi de 5 días (RIC 3-7) e para o seu diagnóstico microbiolóxico de 7 días (RIC 5-10).




Figura 1. Distribución dos casos de mpox declarados en Galicia por cuatrisemana e ano desde o 2022.

2.3. Características clínicas

- De xeito global, a sintomatoloxía cutánea estivo presente no 97,7% dos casos e a xeral no 85,4%, sendo asimptomáticos só o 0,8% dos casos (Táboa 4). Especificamente, a clínica máis frecuente foi o exantema ano-xenital (70,8%), seguido pola febre (60%), outro tipo de exantema (55,4%) e as linfadenopatías localizadas (50%) (Táboa 5).
- As complicacións estiveron presentes en 17 casos (13,1%): infección bacteriana secundaria (11 casos), ulcera bucal (5 casos) e infección corneal (1 caso).
- En canto á severidade, houbo un total de 15 hospitalizacións (11,5%), sen que ningunha precisara atención en UCI nin se rexistraran defuncións. A estancia mediana foi de 5 días (RIC 3-9). Todos os casos eran homes, cunha mediana de idade de 39 anos (RIC 30-44).

Táboa 4. Número e porcentaxe de casos segundo a súa clínica

Clínica	Casos	Porcentaxe
Síntomas xerais	111	85,4%
Síntomas cutáneos	127	97,7%
Total	130	100,0%



Táboa 5. Número e porcentaxe de casos segundo a súa clínica

Clínica	Casos	Porcentaxe
Asintomáticos	1	0,8%
Linfadenopatías xeralizadas	7	5,4%
Exantema bucal	19	14,6%
Cefalea	40	30,8%
Odinofaxia	40	30,8%
Astenia	48	36,9%
Mialxias	48	36,9%
Linfadenopatías localizadas	65	50,0%
Exantema outros	72	55,4%
Febre	78	60,0%
Exantema ano-xenital	92	70,8%
Total	130	100,0%

2.3. Antecedentes persoais

En canto as características persoais dos casos de mpox en Galicia:

- Existe unha elevada prevalencia de persoas con VIH entre os casos (34,6%)
- Tan só un 14,6% (15 casos) estaba vacunado fronte a varíola, sendo que 14 dos casos referiron estar vacunados previamente ao inicio do abrocho no 2022 (infancia).

2.3. Mecanismo de transmisión e características da exposición

- O mecanismo de transmisión máis probable considerouse, nun 78,5% dos casos, o contacto estreito no contexto dunha relación sexual (104 casos). O resto de casos en Galicia descoñecía-se o mecanismo de transmisión (13,9%), foi por un contacto estreito (6,9%) ou por outros motivos (0,8%).
- Un 24,5% dos casos (32) referiu un contacto estreito previo con outro caso de mpox.
- Un 10,8% dos casos referiron antecedente de viaxe nos 21 días previos á data de inicio dos síntomas, pero só un 3,1% (4) dos casos foron categorizados coma importados.
- Respecto das prácticas sexuais, o 83,8% dos casos (109) eran homes que tiveran relacións sexuais con outros homes, un 13,8% descoñécense as súas prácticas sexuais e un 2,3% dos casos eran homes que tiveran relacións sexuais con mulleres.



2.3. Secuenciación xenómica das mostras de mpox en Galicia

Actualmente 3 laboratorios de Galicia teñen capacidade de secuenciación xenómica completa da mpox (Vigo, Santiago e Coruña), o cal nos permitirá caracterizar as variantes e detectar cambios no clado circulante entre os casos do noso territorio. Ata o momento, a información dispoñible indica:

- No ano 2022 secuenciáronse 14 mostras (11,5% dos casos), todas elas pertencentes ao clado IIb. Especificamente detectouse a variante B.1 e as subvariantes B.1.1, B.1.5 e B.1.3, as cales non están relacionadas con exceso de patoxenicidade nin mortalidade.
- No ano 2023 secuenciáronse 2 mostras (100% dos casos), todas elas pertencentes ao clado IIb. Neste caso detectouse a variante C.1.1 (subvariante B.1.3).
- Catro das cinco mostras positivas este ano 2024 están en proceso de secuenciación.

3. Protocolo de vixilancia

Tendo en conta toda esta información, Galicia mantén activo o protocolo de detección, manexo e notificación de casos da varíola do mono (monkeypox) no cal se detallan os seguintes apartados [5]:

- Detección precoz de casos sospeitosos nos cales exista clínica compatible (exantema vesicular/pustular + febre/cefalea/mialxias/artralxias/lumbalxia ou linfadenopatía) e o diagnóstico diferencial indique baixa probabilidade doutras patoloxías.
- Necesidade de toma de mostra para PCR en caso de considerarse casos sospeitoso, preferentemente das lesións cutáneas e en medio de transporte de virus.
- Manexo dos casos sospeitosos, probables ou confirmados con medidas de precaución de transmisión por contacto e gotas ata que cicatricen por completo as lesións, facendo especial fincapé en cubrir as lesións cutáneas, limitar as interaccións con persoas e animais e facer adecuada hixiene de mans e usar unha máscara cirúrxica.
- Limpeza e desinfeccións das superficies e obxectos cos que tivese contacto o caso



- Notificar os casos probables (criterio clínico + epidemiolóxico) e confirmados (diagnóstico de laboratorio) ao SAEG para poder identificar de xeito precoz aos contactos estreitos [6].
- No caso de ingreso hospitalario, informar ao servizo de medicina preventiva.

A Dirección Xeral de Saúde Pública tamén dispón de información específica para facilitar a pacientes e contactos estreitos dos mesmos: <https://www.sergas.es/Saude-publica/Recomendacions-preventivas-monkeypox>.

4. Vacinación

En Galicia, o pasado 9 de agosto de 2023, establecéronse unhas recomendacións de vacinación para a mpox [7]. Estas recomendacións definen a vacinación fronte a mpox ás persoas que tivesen contacto estreito cun caso confirmado desta enfermidade e, tamén, para a profilaxe tanto pre-exposición como post-exposición.

Polo presente brote de 2024 engadiuse a estas recomendacións as persoas que polo viaxe que vaian a realizar teñan previsión de ter contacto estreito coa poboación local do país que poida estar infectada. Estas recomendacións están incluídas no documento de recomendacións: <https://www.sergas.es/Saude-publica/Vacinacion-variola-mono>

4.1. Persoas vacinadas en Galicia

Na táboa 6 resúmense o número de doses administradas da vacina fronte a mpox en Galicia. Un total de 1.357 persoas recibiron ao menos unha dose. Delas 288 recibiron unha dose da vacina, 1.069 recibiron dúas doses.



Táboa 6. Doses administradas da vacina fronte a mpox

	N.º PERSONAS CON...	
	1 DOSIS	2 DOSIS
CORUÑA	100	296
FERROL	12	62
LUGO	12	70
OURENSE	16	40
PONTEVEDRA	9	55
SANTIAGO	57	148
VIGO	82	398
TOTAL	288	1069
TOTAL	1.357	

4.2. Doses da vacina fronte a mpox dispoñibles

Nestes momentos dispoñemos de 735 doses (viais) en almacén Biorepos. Todas elas son da marca comercial JYNNEOS (Bavarian Nordic A/S).

4.3. Doses da vacina fronte a mpox recibidas desde o Ministerio de Sanidade

Periodicamente, recíbense doses da vacina fronte a mpox desde o Ministerio de Sanidade. Na Táboa 8, resúmese a cantidade de doses recibidas en cada envío. O envío previo á nova alerta realizouse o pasado 23 de abril cun total de 770 doses.

Táboa 8. Doses da vacina fronte a mpox recibidas desde o Ministerio de Sanidade

DATA	NOME COMERCIAL	N.º VIAIS
05/07/22	IMVANEX	1
15/07/22	JYNNEOS	132
12/08/22	JYNNEOS	183
09/09/22	IMVANEX	143
28/03/23	JYNNEOS	297
10/10/23	JYNNEOS	297
06/03/24	JYNNEOS	100
23/04/24	JYNNEOS	770
04/09/24	JYNNEOS	500
		2423



5. Mais información

Pódese atopar toda esta información na páxina web específica da DXSP sobre a MPOX (<https://www.sergas.es/Saude-publica/monkeypox>) e no CCAES (<https://www.sanidad.gob.es/areas/alertasEmergenciasSanitarias/alertasActuales/alerta-Monkeypox/home.htm>).

6. Referencias bibliográficas

1. Organización Mundial da Saúde. Declaración de emergencia de salud pública de importancia internacional por el brote de viruela símica (mpox). [Internet]. Disponible en: <https://www.who.int/es/news/item/14-08-2024-who-director-general-declares-mpox-outbreak-a-public-health-emergency-of-international-concern>
2. Organización Mundial da Saúde. Multi-country outbreak of mpox. External Situation Report 35, published 12 August 2024. [Internet]. Disponible en: <https://www.who.int/publications/m/item/multi-country-outbreak-of-mpox--external-situation-report-35--12-august-2024>
3. European Centre for Disease Prevention and Control. Risk assessment for the EU/EEA of the mpox epidemic caused by monkeypox virus clade I in affected African countries – 16 August 2024. ECDC: Stockholm; 2024. [Internet]. Disponible en: <https://www.ecdc.europa.eu/en/publications-data/risk-assessment-mpox-epidemic-monkeypox-virus-clade-i-africa>
4. Centro Nacional de Epidemiología. Situación epidemiológica de los casos de infección por mpox en España (antes denominada viruela del mono). [Internet]. Disponible en: <https://cne.isciii.es/es/web/cne/resultados-vigilancia>
5. Consellería de Sanidade. Dirección Xeral de Saúde Pública. Detección, manexo e notificación de casos da mpox (antiga varíola do mono - monkeypox). [Internet]. Disponible en: <https://www.sergas.es/Saude-publica/Deteccion-casos-monkeypox>



6. Consellería de Sanidade. Dirección Xeral de Saúde Pública. Manexo de contactos de casos de mpox (antiga varíola do mono - monkeypox). [Internet]. Dispoñible en: <https://www.sergas.es/Saude-publica/Manexo-contactos-estreitos-monkeypox>
7. Consellería de Sanidade. Dirección Xeral de Saúde Pública. Recomendacións da vacinación no brote da mpox (antiga varíola do mono). 26 de agosto de 2024. [Internet]. Dispoñible en: <https://www.sergas.es/Saude-publica/Vacinacion-variola-mono>